



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



HT
Herald Toupeiras
Estamos X ti



News Semanais

Do 9 ao 14 de maio

2016

INDICE:

1. O PSdeG E O GRUPO MIXTO FANSE ECO NO PARLAMENTO DAS DENUNCIAS DE CSI-F SOBRE A ARBITRARIEDADE DA XUNTA NAS OPOSICIÓNS
2. MÁIS DE MEDIO CENTENAR DE TRABALLADORES EN PRECARIO E 'MILEURISTAS' TRABALLAN DENDE O PASADO 10 DE MAIO NA CAMPAÑA DA RENDA EN GALICIA
3. REUNIÓN NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP): FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA AXENTES MEDIOAMBIENTAIS / AXENTES FORESTAIS DA XUNTA - 11 DE MAIO
4. LAS BANDERAS AZULES GALLEGAS, EN PELIGRO SEGÚN LOS SINDICATOS
5. MODIFICACIÓN DO DECRETO 37/2006 DE LISTAS DE CONTRATACIÓN DA XUNTA
6. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DA FLEXIBILIDADE E DO TELETRABALLO - 13 DE MAIO DE 2016
7. PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA
8. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA
9. OUTRAS NOVAS: CURSO PRL, RPT, PROBAS, INTEGRACIÓN, OEP TC, CERT. PROF.
10. THE WEEKLY PRESS

17^{de} MAIO 2016

DÍA DA LINGUA GALEGA



*A Central Sindical Independente e de Funcionarios,
quere celebrar con todos os galegos este día tan
sinalado para todos nós.*



súmate
a un sindicato
independente
e transparente

1. O PSdeG E O GRUPO MIXTO FANSE ECO NO PARLAMENTO DAS DENUNCIAS DE CSI-F SOBRE A ARBITRARIEDADE DA XUNTA NAS OPOSICIÓNS

Os socialistas piden contas ao Goberno Galego e o Grupo Mixto solicita que se cre á figura do 'observador da legalidade' que xa pediu o sindicato independente

CSI-F denuncia que, desde que se fixeron públicas as sentenzas, Facenda paralizou de novo as negociacións para fixar as instrucións dos procesos selectivos

O PSdeG, a través da súa deputada responsable de Función Pública, Noela Blanco, e o Grupo Mixto, coa súa deputada Carmen Iglesias á fronte, fixéronse eco no Parlamento das sentenzas xudiciais que denunciou e fixo públicas CSI-F Galicia nas que se constata que a Xunta actúa con total discrecionalidade nos tribunais de oposicións e nas que se evidencia unha total falta de control e arbitrariedade. As sentenzas, tanto do TSXG como do Tribunal Supremo, argumentan que "a actividade do tribunal (de selección) escapa a todo tipo de control, mesmo en vía xurisdiccional".

Antes estas situación, CSI-F reclamou, entre outras medidas, a creación da figura sindical do "observador da legalidade", que non formaría parte dos tribunais de selección pero participaría con voz, e sen voto, no tipo de probas e, sobre todo, no control da avaliación. Esta figura xa está implantada noutras Administracións para garantir a legalidade e o bo desenvolvemento dos procesos.

CSI-F sostén, ademais, que desde que fixo públicas estas sentenzas, a Consellería de Facenda **volveu paralizar ás negociacións** para fixar as instrucións para os procesos selectivos, que se acaban de retomar despois da primeira paralización en 2010. "Polo que se ve a Xunta non ten ningún tipo de interese en que os procesos selectivos sexan transparentes e baseados en criterios obxectivos", asevera, e lembra **que o compromiso de Función Pública era aplicalos na OPE de este ano.**



Pregunta oral do PSdeG

A deputada socialista, que presentou unha pregunta oral no Parlamento para coñecer que medidas que pensa adoptar á Xunta para dar resposta a estas sentenzas e para evitar ás arbitrariedades, critica que o Goberno galego aluda a "casos illados" cando, puntualizou, "basta que exista un só opositor indefenso diante dun recurso e que vulneren os principios de mérito e capacidade para que este Grupo Parlamentario amose a máxima preocupación".

Proposta Grupo Mixto

Pola súa parte, o Grupo Mixto presentou unha **Proposición non de lei** para o seu debate coas seguintes propostas:

- Extremar as garantías de mérito, capacidade e imparcialidade que eviten a indefensión dos opositores nos procesos selectivos das ofertas de emprego público dependentes da Xunta de

Galicia, articulando mecanismos que eviten sospeitas de falta de obxectividade, transparencia e limpeza dos procesos selectivos.

- A implantar a figura do "observador da legalidade" nomeado polas organizacións sindicais máis representativas na Función Pública galega en todos os procedementos da oferta de emprego público dependentes da Xunta de Galicia. Esta figura non formaría parte dos tribunais de selección (feito que non permite o EBEP). A súa labor sería de vixilancia en todas as probas e, sobre todo, no control da avaliación do proceso selectivo, con voz pero sen voto, podendo solicitar a anulación do mesmo e presentar os recursos que considere.

FICHEIROS QUE SE XUNTAN:

[Pregunta á Mesa do Parlamento do G.P. PSdeG-PSOE](#)

[Pregunta á Mesa do Parlamento do G.P. Mixto](#)

2. MÁIS DE MEDIO CENTENAR DE TRABALLADORES EN PRECARIO E 'MILEURISTAS' TRABALLAN DENDE O PASADO 10 DE MAIO NA CAMPAÑA DA RENDA EN GALICIA

CSI-F reclama a súa contratación indefinida para labores de xestión e recadación que hoxe cobran as empresas privadas, cun custo de 9 millóns das arcas públicas

A Central Sindical Independente e de Funcionarios, sindicato máis representativo na Axencia Tributaria e primeiro sindicato na Administración Xeral do Estado, reclama que os traballadores fixos-discontinuos que prestarán os seus servizos confeccionando as declaracións do IRPF mediante o Programa Pai, que comezou o pasado 10 de maio, consoliden o seu emprego e vexan recoñecida a súa antigüidade por tramos anuais como xa recollen varias sentenzas gañadas polo sindicato, terminando co seu discriminación. En España, son un total de 900 empregos en precario e con soldos de 1.000 euros, dos que 57 traballan en Galicia (30 en Coruña, 7 en Lugo, 5 en Orense e 15 en Pontevedra).

A gran maioría do persoal que traballa nos Servizos Territoriais (SET), onde se realizan directamente a confección de declaracións aos cidadáns co Programa Pai, é Persoal Laboral Fixo-Discontinuo. Moi poucos contribuíntes saben que **tras atender a enorme carga de traballo da Campaña da Renda, que dura dous meses, volverán ás súas casas sen em prego ata a campaña de Renda do ano que vén, malia que o seu contrato non se extingue e malia superar unha oposición de consolidación como fixos-discontinuos no ano 2008.**

CSI-F considera que estes traballadores, debido á súa gran experiencia e preparación poderían incorporarse ao persoal da Axencia Tributaria en labores de xestión, recadación e loita contra a fraude. Dáse a circunstancia de que moitas destas tarefas están hoxe privatizadas a empresas que prestan servizos de información tributaria básica, confección de borradores, ou no programa de citas, cun custo anual para as arcas públicas de 9 millóns de euros.

CSI-F chama tamén a atención sobre o feito de que moitos destes servizos reciben numerosas queixas de asociacións de PYMES e de Autónomos pola súa falta de calidade.



Agencia Tributaria

3. REUNIÓN NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP): FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA AXENTES MEDIOAMBIENTAIS / AXENTES FORESTAIS DA XUNTA - 11 DE MAIO

CSI•F avoga por cursos para os axentes forestais/medioambientais e por un plan xeral de formación que abranga e inclúa a todo o persoal da Xunta que participe nos diferentes operativos de emerxencias.

O 11/05/2016 tivo lugar unha reunión entre as 4 OO.SS representativas da Función Pública Galega xunto co Director e Secretario Xeral da AGASP e mailo Subdirector do SPDCIF da C.Medio Rural para abordar a posibilidade de que sexa a propia AGASP a entidade que se encargue de impartir formación específica e especializada aos axentes forestais e medioambientais da Xunta de Galicia.

Neste senso, dende **CSI•F**, xa remitíramos un plan formativo específico para os referidos axentes que incluían cursos dende investigación de causas de incendios forestais ata cursos de redacción de actas, entre máis de 50 actividades formativas propostas.


Non obstante, e maila esta proposta especializada para os axentes medioambientais e forestais, dende **CSI•F** tamén propuxemos a necesidade de incluír aos diversos empregados públicos da Xunta que participen en operativos de emerxencias (e máis concretamente en incendios e lumes forestais) nos cursos de formación da AGASP.

En todo caso, dende **CSI•F**, opuxémonos rotundamente a que a formación que se imparta aos empregados públicos da Xunta fose a través de empresas privadas, xa que dispoñemos das nosas propias escolas públicas para cada un dos ámbitos de formación esixidos (Egap, Agasp, Acis ou os CAFI e CFRs), motivo polo que esiximos que sexa a AGASP a que imparta a formación propia do persoal da Xunta dos diversos operativos de emerxencias.

CSI•F insta ao establecemento dos criterios e dun modelo formativo na AGASP que permita implantar esta formación de forma urxente e inmediata.

Os representantes da Administración informan que o problema para o desenvolvemento desta formación radica fundamentalmente en dúas cuestións:

Por unha banda, a norma que rexe a finalidade da AGASP, que inclúe só a determinados colectivos obxecto da formación. Por outro lado, a financiación precisa para as referidas accións. A este respecto, **CSI•F** manifestou o seguinte:



1. A AGASP ten competencias de formación en materia de emerxencias, motivo polo que entendemos que o persoal que forme parte de tales dispositivos e/ou operativos debe ter cabida na súa formación. En todo caso, tampouco vemos problemas en que se modifique a norma que rexe á AGASP para dar cabida a máis colectivos se fose preciso.
2. Dende **CSI•F** solicitamos que nos fondos do FSE de formación para desempregados, se reserve a porcentaxe máxima posible, de selo caso, para incluír a persoal en activo, e en consecuencia, posibilitar a apertura destes cursos ao persoal da Xunta referido.
3. **CSI•F** solicita que naqueles cursos que xa imparte a AGASP, e estean relacionados ou sexan de aplicación aos axentes forestais e medioambientais así como o resto de persoal da Xunta que participe en operativos de emerxencia, se lles permita a súa participación.

OS ACORDOS AOS QUE CHEGAMOS

Tras as achegas da **CSI•F** xunto co resto de OO.SS e os representantes da Administración, acordamos abordar o seguinte proceso de negociación:

1. Achegar de forma conxunta por parte de todas as organizacións sindicais unha única proposta de cursos (máximo 10) de formación específica para axentes medioambientais e forestais, priorizando a súa preferencia, a súa duración, número de destinatarios, calendario, etc. Tras esta proposta, reuniremonos de novo coa Administración para perfilar a proposta definitiva. Prevese que este proceso se desenvolva no prazo máximo de dúas ou tres semanas.
2. Achegar tamén un listado dos cursos que está impartindo a AGASP no que consideremos que teñen cabida os axentes forestais e medioambientais así como o resto do persoal da xunta que participe nos diversos operativos de emerxencias -p.e SPDCIF-. É dicir, propor aqueles cursos da AGASP que se poidan abrir ao persoal sinalado.

CSI•F, 12 de maio de 2016

4. LAS BANDERAS AZULES GALLEGAS, EN PELIGRO SEGÚN LOS SINDICATOS

LA REGIÓN.ES

UGT, CC.OO, CIG y CSIF denuncian la "improvisación y desorganización" de la Xunta en la gestión de los servicios de inspección de salud ambiental, que pondría en riesgo la concesión de bandera azul a un centenar de playas gallegas

El cuerpo de farmacéuticos inspectores de la salud pública se redujo en Galicia un 38 % y la falta de personal y medios no garantiza la vigilancia sanitaria en las 497 zonas de baño de la comunidad.



Los sindicatos UGT, CC.OO., CIG y CSIF han denunciado este sábado que **la Xunta está "poniendo en riesgo" la concesión de las banderas azules a 123 playas gallegas**, por su "improvisación y desorganización" en la gestión de los servicios de inspección de la salud ambiental.

A través de un comunicado conjunto, han aludido así a la **huelga indefinida** convocada por los **farmacéuticos inspectores de salud pública** a partir del próximo miércoles debido a la "falta de voluntad negociadora" del Gobierno gallego ante las reclamaciones de "un mayor reconocimiento profesional", de "más inspectores" y de "más y mejores medios materiales".

Y es que, como han subrayado los sindicatos, para la obtención de las banderas azules "se necesitan obligatoriamente un mínimo de ocho análisis durante la temporada de baño" y el muestreo se tiene que realizar "con un intervalo máximo de 30 días".

Sin embargo, el cuerpo de farmacéuticos inspectores de la salud pública se redujo desde 2006 en 40 efectivos, al pasar de 100 a los 62 actuales, con lo cual -como han recalado UGT, CC.OO., CIG y CSIF- "no pueden seguir garantizando la vigilancia sanitaria en las 497 zonas de baño de la comunidad" en la temporada de baño, del 16 de mayo al 30 septiembre.

5. MODIFICACIÓN DO DECRETO 37/2006 DE LISTAS DE CONTRATACIÓN DA XUNTA



O pasado venres houbo unha xuntanza para tratar a modificación do Decreto de listas de contratación da Xunta de Galicia.

Os interesados en enviarnos algunha consideración ou alegación ao texto que se anexa deberán de remitilas a conta de correo electrónico galicia@csi-f.es **antes do vindeiro mércores 18 de maio ás 14:00 h.**

[Preme aquí para acceder ao borrador](#)

6. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DA FLEXIBILIDADE E DO TELETRABALLO - 13 DE MAIO DE 2016

Queda pendente para a súa aprobación a acta da reunión da Comisión de seguimento da Orde conxunta do 20 de decembro de 2013 celebrada o día 20 de abril de 2016.

Con respecto as cuestións demandadas na xuntanza anterior o director de Función Pública informa que en principio **poderase ampliar o horario para facilitar a flexibilidade ata ás 20:00 h. nas oficinas de emprego**, sempre que o traballador teña a chave do centro. A Consellería vaise por en contacto con tódolos directores das oficinas

Así mesmo tamén **se poderá ampliar ata ás 20:00h os venres en tódolos centros**, para isto vaise facer una nova redacción na normativa cambiando o artigo correspondente.

Estas modificacións levarase a Mesa Xeral e a Comisión de Persoal este mes de maio.

Ao resto das cuestións que se formularon na anterior xuntanza non dan resposta.

- **Dende CSIF expoñemos a posibilidade de que todo o persoal da Xunta poda flexibilizar o seu horario, é en especial o persoal da Consellería de Política Social, propoñemos que se valore e se estableza un protocolo de flexibilización por unidade ou centro de traballo**, xa que nesta Consellería a maioría do persoal son mulleres e nos datos aportados vemos que as solicitudes de flexibilidade tanto automática como por conciliación e maioritariamente é solicitada por mulleres. A Administración quedou en falar este asunto coa Consellería para ver a viabilidade desta proposta.
- **Tamén propoñemos o horario de verán para todo o persoal da Xunta, compensando en días en aqueles centros onde non é posible a redución diaria.**

Con respecto ao horario de verán para todo o persoal o director comenta que van facer un estudo de cómputo de horas anuais de todo o persoal, polo que cando o teñan nos pasarán os datos. O director de Función Pública entende que en Política Social coas novas carteleiras as X xa darían para compensar o horario de verán.

- **Volvemos a insistir na ampliación da xornada de verán para o persoal con fillos e fillas menores de 12 anos**, mostrando a circular vixente a nivel estatal asinada a 12 de maio.



7. PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA

OPOSICIÓNS CORPOS XERAIS POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE

Dado o número de solicitudes recibidas e preguntando pola previsión das datas dos exames de procesos selectivos da Xunta de Galicia na reunión do pasado 13 de maio que mantivemos respecto da negociación do Decreto de Listas de contratación os representantes de CSI•F instamos ao director de Función Pública a que nos facilitase as datas previstas para a realización dos exercicios correspondentes a quenda de acceso libre e a previsión para o segundo exercicio da promoción interna.

Así, o director da Función Pública comunícanos que aínda non pode facilitar información concreta ao respecto, agás a afirmación de que os exames do primeiro exercicio para a quenda de acceso libre serán **ANTES DO MES DE AGOSTO.**

Lamentamos non poder trasladarvos información máis concreta e detallada, pero seguiremos insistindo para que Función Pública facilite unha previsión/cronograma de todos os procesos selectivos pendentes así como dos diferentes procesos de provisión

[Orde do 22 de abril de 2016 pola que se procede ao nomeamento como funcionarios/as do corpo facultativo superior de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo **A1**, escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, **especialidade de arquivos**, dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 9 de maio de 2014.](#)

[Orde do 9 de maio de 2016 pola que se convoca para a elección de destino provisional o aspirante que superou o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo **A1**, escala de **arqueólogos/as**, convocado pola Orde do 9 de maio de 2014.](#)

[Orde do 9 de maio de 2016 pola que se convocan para a elección de destino definitivo os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta Galicia, subgrupo **A2**, escala de **enxeñeiros/as técnicos/as industriais**, convocado pola Orde do 20 de xuño de 2013.](#)

[Resolución do 28 de abril de 2016, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no **corpo de xestión da Administración xeral** da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo **A2**, convocado pola Orde do 16 de xuño de 2015 \(Diario Oficial de Galicia número 114, do 18 de xuño\), modificada pola Orde do 12 de novembro de 2015 \(Diario Oficial de Galicia número 220, do 18 de novembro\), pola que se fixa a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo.](#)

[Orde do 22 de abril de 2016 pola que se procede ao nomeamento como funcionarios/as do corpo facultativo de grao medio de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo **A2**, escala de enxeñeiros/as técnicos/as, especialidade de **enxeñaría técnica de minas**, dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 9 de maio de 2014.](#)

[Resolución do 29 de abril de 2016, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo **A2**, escala de enxeñeiros/as técnicos/as, **especialidade de topografía**, convocado pola Orde do 9 de maio de 2014 \(Diario Oficial de Galicia núm. 99, do 26 de maio\), pola que se procede á publicación das puntuacións correspondentes á baremación definitiva da fase de concurso.](#)

[Resolución do 29 de abril de 2016, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no **corpo auxiliar da Administración xeral** da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo **C2**, convocado pola Orde do 16 de xuño de 2015 \(Diario Oficial de Galicia número 114, do 18 de xuño\), pola que se fixa a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio.](#)

8. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

Concello	Boletín	Data	Denominacións dos postos	Nº	Requisitos	Prazo
A CAPELA	BOPAC	12-M	Técnico deportivo	1	Ver bases	7 días naturais
AMOEIRO	BOPOU	12-M	Auxiliar de axuda no fogar	BOLSA	Ver bases	5 días naturais
ARZÚA	DOG	10-M	Axente TIC (Grupo B)	1	FPGS e Celga 4	10 días hábiles
ARZÚA	DOG	10-M	Educador familiar (A2)	1	Ver bases	10 días hábiles
ARZÚA	DOG	11-M	Técnico en turismo	1	Dipl. turismo	5 días hábiles
ARZÚA	BOPAC	11-M	Auxiliar de policía local	1	Ver bases	5 días hábiles
O BARCO	BOPOU	12-M	Axudante de cociña e limpeza	BOLSA	Ver bases	7 días hábiles
O CARBALLIÑO	BOPOU	12-M	Auxiliares de policía local	3	Ver bases	3 días hábiles
CASTRO CALDELAS	BOPOU	13-M	Conductor máq. rozadora	1	Ver bases	5 días hábiles
CERDIDO	BOPAC	13-M	Auxiliar de axuda no fogar	BOLSA	Ver bases	20 días naturais
IRIXOA	BOPAC	9-M	Tractoristas	3	Ver bases	15 días naturais
LOBIOS	BOPOU	10-M	Peón de servizos varios Peón de obras	2 1	Ver bases	5 días naturais
MEAÑO	DOG	10-M	Oficial de policía local	1	BOPPO 24.2.16	20 d. natur. Boe
MUGARDOS	BOPAC	11-M	Limpador edificios	LISTAS	Ver bases	20 días naturais
NEGREIRA	BOPAC	10-M	Auxiliares de policía local	2	Ver bases	20 días naturais
OIMBRA	BOPOU	11-M	Peóns de obras públicas	3		3 días hábiles
PADERNE	BOPOU	10-M	Chofer máquina desbroz.	1	Ver bases	5 días hábiles
PADERNE	BOPOU	12-M	Auxiliar de axuda no fogar	BOLSA	Bases concello	8 días hábiles
A PEROXA	BOPOU	14-M	Secretario xulgado paz	1	Ver bases	5 días naturais

RAMIRÁS	BOPOU	13-M	Chofer tractor rozadora Peóns	1 2	Bases concello	8 días naturais
REDONDELA	DOG	13-M	Inspector policía (A2) Profesores de música (A2)	1 10	Bases BOPPO 3.5.2016	20 días naturais public. BOE
RIBADEO	DOG	9-M	Condutor de vehículos	1		20 días naturais
SERRAUS	BOPOU	10-M	Of. 1ª mantemento	1	Ver bases	5 días hábiles
VILAMARÍN	BOPOU	10-M	Chofer tractor-desbrozad.	1	Ver bases	5 días naturais
VILANOVA DE AROUSA	BOPPO	13-M	Limpador Conserxe-limpador	BOLSA	Ver bases	20 días naturais
MANCOMUNADE DA TERRA CHA	BOPLU	14-M	Administrativa (C1)	1	Ver bases	10 días naturais
Concello	Boletín	Data	Tipo	Persoal	Denominación postos OEP	
ARZÚA	BOPAC	11-M	OEP	Funcionario	1 Técnico admón. xeral (A1)	
					1 Policía local (C1)	
MEAÑO	DOG	10-M	OEP	Laboral	1 Oficial de primeira	
VIGO	BOPPO	12-M	OEP	Funcionario	1 Tco./Medio actividades culturais e educativa 2 Administrativos admón. xeral 1 Programador informático 3 Condutor/bombeiro	
				Laboral	1 Oficial conserxe 1 Oficial xardiñeiro 3 Oficial conductor 1 Oficial carpinteiro 1 Oficial albanel 1 Oficial sepulteiro 1 Oficial almacenheiro 1 Oficial mecánico	

9. OUTRAS NOVAS: CURSO PRL, RPT, PROBAS, INTEGRACIÓN, OEP TC, CERT. PROF.



[EGAP - DOG, 9 DE MAIO](#)

Resolución do 28 de abril de 2016 pola que se convoca un **curso de prevención de riscos laborais en explotacións agrogandeiras e manexo de maquinaria agrícola e forestal** para persoal que presta servizos na Consellería do Medio Rural destinado nos centros CIAM, Estación Experimental de Gandaría de Montaña de Marco da Curra, Estación Experimental de Agrogandaría da Pobra de Brollón, Estación Experimental do Baixo Miño-Salceda de Caselas e o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal).

O prazo de presentación de solicitudes será de **dez días naturais**



Relación de Postos de Trabajo

[CONSELLERÍA DE FACENDA - DOG, 11 DE MAIO](#)

Resolución do 6 de maio de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de maio de 2016 polo que se aproba a **relación de postos de traballo do persoal funcionario dos centros educativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**.



Resultados das probas físicas e de agudeza visual do persoal admitido nas listas de contratación temporal adicado ás tarefas de prevención e extinción de incendios forestais

[PREME AQUÍ](#)



[ORDE do 6 de maio de 2016 pola que se resolve o procedemento de integración, como persoal laboral da Xunta de Galicia, do persoal laboral fixo procedente da Sociedade Anónima de Desenvolvemento Comarcal \(Sodeco\) integrado no Instituto de Estudos do Territorio.](#)

[TRIBUNAL DE CUENTAS - BOE, 13 DE MAYO](#) - OEP 2016



PERSONAL FUNCIONARIO:

- 5 plazas del Cuerpo Superior de Letrados (A1)
- 10 plazas del Cuerpo Superior de Auditores (A1)
- 20 plazas Cuerpo Técnico de Auditoría y Control Externo (A2)

PERSONAL LABORAL:

- 1 plaza del Técnico Superior de Gestión y Servicios Comunes (TS-A)
- 4 plazas de Oficial de Gestión y Servicios Comunes (Ofic. 1ª y 2ª)



[MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL - BOE, 14 DE MAYO](#)

Orden ESS/722/2016, de 9 de mayo, por la que se amplía la oferta de **certificados de profesionalidad** susceptibles de impartirse en la modalidad de **teleformación** y se establecen las especificaciones para su impartición.



[MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL - BOE, 14 DE MAYO](#)

Orden ESS/723/2016, de 9 de mayo, por la que se desarrolla el **modelo** específico de **declaración responsable** para su presentación por **entidades de formación** para la impartición de formación distinta de las especialidades previstas en el Catálogo de especialidades formativas.

10. THE WEEKLY PRESS

[La Xunta rectifica su promesa electoral de cerrar el Consorcio que creó el bipartito](#) LA VOZ

[CSIF pide la contratación fija de los 900 temporeros de la campaña de IRPF](#) ABC

[Los 'temporeros' de la Agencia Tributaria: 15 años de antigüedad y 1.000 euros](#) NEGOCIOS.COM

[A 30 euros de media por cabeza... 400.000 euros](#) LA VOZ

[Las horas extra de teletrabajo también se tienen que pagar](#) EXPANSIÓN

[Una empresa pagó cenas a políticos con dinero de los cursos de formación](#) ABC

[Cómo servir mariscadas a costa del dinero de los cursos de formación](#) ABC

[Cifuentes quiere ampliar el permiso de maternidad](#) LA RAZÓN

[UGT y CC OO desviaron subvenciones de formación para gastos de personal](#) LA RAZÓN

[Deuda de los municipios en España](#) EXPANSIÓN

[En Galicia se firman al día más de cien contratos inferiores a una semana](#) LA VOZ

[La subida salarial pactada en los convenios de empresa gallegos, la más baja de España](#) LA OPINIÓN

[Convocados 12.699 aspirantes a la oposición de varias categorías estatutarias de personal sanitario](#) EL CORREO GALLEGO

[El CSI-F apunta que la Fiscalía debería investigar el despilfarro cometido en el SAF de Vimianzo](#) LA VOZ DE GALICIA

[El CSIF acusa al gobierno municipal de Vimianzo de amedrentar trabajadores](#) EL CORREO GALLEGO

[El sindicato CSIF de Pontearreas rechaza la amortización de más plazas](#) FARO DE VIGO

Departamento Comunicación CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, baixo

15707 Santiago

Teléfono: 981 575 140

Nos puede seguir en Facebook (Herald Toupeiras) y Twitter (@HeraldToupeiras)



CSI-F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
coruna@csi-f.es

CSI-F Unión Autonómica Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
galicia@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Balxo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
lugo@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
pontevedra@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ourense@csi-f.es

www.heraldtoupeiras.es



2016



News Semanais
Herald Toupeiras